

ASISTENTES

Bravo Bosch, María José (Presidenta)
Pita Carballo, José Luís (Secretario)
Barreiro Rodríguez, Covadonga
Casal Guisande, Manuel
Fernández Fernández, Federico
Santos Grandal, Juan
Alverte Pivida, Rodrigo
García González, Silvia
Villanueva Villar, Mónica
Excusa a súa asistencia:
Cuevas Alonso, Miguel

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo do martes **14 de abril de 2026**, ás 09:00 h. en primeira convocatoria e ás 09:15 h. en segunda convocatoria, na Sala de reunións do 2º andar do Edificio Exeria e na Sala 16 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

O día **14 de abril de 2026** ás 09:15 h., en segunda convocatoria, deu comezo a sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión do día 16 de marzo de 2026.

A presidenta da Comisión Electoral pide que se aprrobe a acta.

Apróbase por asentimento.

2. Resolución das reclamacións ás candidaturas provisionais ás eleccións á Reitoría e a representantes no Claustro Universitario.

A presidenta informa da renuncia dunha estudante da FFT á súa candidatura que, inda que ía fóra de prazo, será admitida e amplía o prazo ata o 20 de abril de 2026 para presentar renuncia.

Desestímase o recurso presentado por Manuel Pérez Cota xa que, consultado o Servizo de PDI, a maioría de horas de docencia as ten na Facultade de Comunicación.

Admítese a reclamación de Félix Quinteiro e desestímase a de Jaime González.

3. Aprobación se procede, a proclamación definitiva das persoas candidatas á Reitoría e a representantes no Claustro Universitario.

En canto ás candidatas e candidato á Reitoría nada que comentar por parte da presidencia da Comisión, só matizar que o sorteo feito dá o inicio das candidaturas na papeleta a Porteiro Fresco, Jacobo,; Rubio Armesto, María Belén e García Mateo, Carmen, porque a letra sorteada foi o N.

Para representantes ao Claustro comenta que no sector PTXAS figuran as e os candidatas e candidatos cos seus nomes e agrupacións ás que pertencen, e no sector de estudantes subliña que é unha mágoa que haxa centros sen candidatura.

Apróbase esta proposta por asentimento.

4. Aprobación, se procede, da declaración de finalización do proceso electoral nas circunscricións onde non se superou o número de postos a cubrir, agás no referente á proclamación definitiva de representantes electos/as (artigo 27.12 do REX).

Despois de rematado o prazo de presentación de candidaturas, comenta a presidenta que será necesaria a votación nos sectores PDI e PTXAS en tódolos centros mentres que no sector estudantes non será necesario en tódolos centros.

5. Toma en consideración do escrito presentada por un membro titular da mesa electoral da Reitoría.

A presidenta explica que se recibiu un escrito dunha persoa integrante da mesa no que alega motivos persoais para renunciar e como cumpre os requisitos acéptase a renuncia.

6. Sorteo de novos membros suplentes do PTXAS que deban integrar a Mesa Electoral da Reitoría.

Sortéanse as persoas para a dita mesa, quedando como segue:

Sánchez Novelle, Amalia
Lago Bea, Román
Ausín Rodríguez, Juan Antonio
Pérez Castro, María Cristina
Díaz Vázquez, José David
Rodríguez Prieto, María del Carmen
Álvarez López, Sonia
González Álvarez, María Teresa

7. Determinación, á vista do número de electores/as, do número e da colocación das mesas electorais. Claustro Universitario.

As mesas colocaranse na mesma disposición que nas eleccións á Reitoría, coa excepción dos centros onde non se precise votación.

8. Sorteo da asignación dos locais dispoñibles para cada unha das candidaturas presentadas para as eleccións á Reitoría.

Faise o sorteo e queda así :

- Porteiro Fresco, Jacobo: Local 1. Antiga dirección de área da Vicerreitoría de Planificación e Sostibilidade.
- Rubio Armesto, María Belén: Local 3. Antigo despacho xefe de ATIC
- García Mateo, Carmen: Local 2. . Antiga sala de reunións de ATIC

9. Aprobación, se procede, da delegación na Secretaría Xeral o nomeamento de interventores e interventoras.

A presidenta informa que vai presentar a súa renuncia á presidencia da Comisión Electoral e que vai nomear a Natalia Caparrini, vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade, nova presidenta da Comisión Electoral en atribución das súas funcións.

Tamén informa que os interventores ou interventoras serán solicitados en listaxe presentada por sede electrónica á presidenta da Comisión Electoral.

Apróbase por asentimento.

10. Aprobación, se procede, da delegación na Secretaría Xeral a proclamación provisional de resultados (candidatos/as electos), así como doutros asuntos de mero trámite.

Apróbase por asentimento.

11. Outros asuntos de interese.

Comenta a presidenta varios asuntos de interese:

- Papeletas: para a elección ao Claustro poderase votar un máximo de representantes especificado en cada papeleta e distribuídos en dúas columnas para manter a paridade home e muller.
- Na elección a reitor ou reitora só se poderá riscar unha opción das tres.
- Comunicación: enviouse un escrito ás tres persoas candidatas á Reitoría para a presentación dos equipos antes das 14 horas do 17 de abril de 2026. Tamén se lles enviou unha normativa para poder dispoñer de vehículo oficial, local, listas de distribución de correo e conta de correo.

A presidenta explica que o día da votación a Secretaría Xeral estará a disposición para resolver calquera incidencia que se presente.

12. Quenda de intervencións.

A presidenta agradece a colaboración e despídese da Comisión Electoral quedando a disposición para calquera consulta.

Sen máis asuntos que tratar remata a xuntanza sendo as 09:50 horas do que eu como secretario dou fe.

A presidente da Comisión Electoral

O secretario da Comisión Electoral